

ACTA DA SEGUNDA REUNIÓN DO GRUPO DE ACCION URBANA DA ESTRATEXIA EIDUS CORUÑA

Na Coruña, ás 17:15 horas do día 29/06/2021, no Centro Cívico Os Mallos da Coruña ten lugar a segunda reunión do Grupo de Acción Urbana da Estratexia EidusCoruña, coa asistencia das seguintes persoas participantes:

En representación da administración municipal:

- Eudoxia Maria Neira Fernández, Segunda Tenente de Alcaldesa responsable da área de Igualdade, Benestar Social e Participación, que preside a sesión.
- Juan Manuel Diaz Villoslada, Concelleiro de Urbanismo, Vivenda, Infraestruturas e Mobilidade e Coordinador da Unidade de Execución da Estratexia EidusCoruña.
- Santiago Roura Gómez, Coordinador Xeneral Municipal e Director da Unidade de Xestión da Estratexia EidusCoruña
- Elvira Quinteiros Lorenzo, Directora de Infraestruturas e Mobilidade e Coordinadora do OT 4
- Jesús Fernández Diez, Director de Medio Ambiente e Sustentabilidade e Coordinador do OT 6
- Emilio Lesta Casal, Director de Innovación, Emprego e Comercio e Coordinador do OT 9
- M^a Carmen Pita Seijas, Directora da área de Igualdade, Benestar Social e Participación que actúa como Secretaria do GAU en funcións.
- Juan Arredondo de la Fuente, consultor de EOSA, que forma parte da asistencia técnica da Unidade de Execución e de Participación da Eidus Coruña.
- Mónica Campos Vázquez, consultora de EOSA, que forma parte da asistencia técnica á Unidade de Xestión da Eidus Coruña.

En representación do tecido asociativo de carácter social, económico e cidadán da cidade:

- Unión Xeral dos Traballadores (UXT): Na súa representación, asiste Anxo Iglesias Fernández,
- Comisións Obreiras (CC.OO): Na súa representación asiste, Juan Martínez García,
- Confederación Intersindical Galega. Na súa representación, asiste Óscar Calvo Varela.
- Federación de Asociacións de Veciños: Na súa representación, asisten María Luisa Varela Insua e Isabel Fouz Escobero
- Reitoría da Universidade da Coruña: Na súa representación, asiste o Reitor Julio Ernesto Abalde Alonso
- Presidencia da Autoridade Portuaria da Coruña: Na súa representación, asiste o Xefe de Departamento de Pesca e Dominio Público, Eduardo Blanco Gallego
- Presidencia da Federación de ANPA's da Coruña: Na súa representación, asiste Ana Sanclaudio Luhía
- Presidencia da Asociación de Empresarios de AGrela: Na súa representación asiste Begoña López Martínez
- Confederación de Empresarios da Coruña. Na súa representación asiste Óscar Valcuende Rodríguez.

Escusan a súa asistencia:

- Jose Maria Ares Abalo, Xefe de Servizo de Innovación Tecnolóxica e Coordinador do OT 2
- Xerencia do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña (CHUAC)
- Asociación de Empresarios de Pocomaco

A **orde do día** da sesión é o seguinte:

1. Aprobación da acta das reunións anteriores, actas correspondentes á sesión constitutiva do GAU da estratexia Eidus Coruña e primeira reunión do GAU da estratexia Eidus Coruña, celebradas o 17 de novembro de 2020 ás 17:00 e 17:30 horas respectivamente.
2. Estado de execución da estratexia Eidus Coruña:
 - ✓ Presentación do estado de execución das operacións incluídas en liñas de actuación cofinanciadas con FEDER (operacións Pdl).
 - ✓ Presentación do estado de execución das operacións incluídas en liñas de actuación financiadas con fondos propios municipais e outros fondos (operacións non Pdl).
3. Presentación da Axenda Urbana da Coruña.
4. Rogos e preguntas

Desenvolvemento da sesión.

1. Aprobación da acta das reunións anteriores

As actas que se propoñen para a súa aprobación corresponden á sesión constitutiva do GAU da estratexia Eidus Coruña e primeira reunión do GAU da estratexia Eidus Coruña, celebrada o 17 de novembro de 2020 ás 17:00 e 17:30 horas respectivamente.

En relación ás actas das reunións anteriores, a presidenta comenta que tras ser remitidas as persoas asistentes, incorporáronse as puntualizacións realizadas pola representación da Xerencia do CHUAC e enviáronse de novo sen que houbo posteriores puntualizacións. Acórdase a aprobación das actas da sesión constitutiva do GAU da estratexia Eidus Coruña e primeira reunión do GAU da estratexia Eidus Coruña, celebrada o 17 de novembro de 2020 ás 17:00 e 17:30 horas respectivamente.

A presidenta cede a palabra ao Coordinador da Unidade de Execución da Estratexia EidusCoruña

2. Estado de execución da estratexia Eidus Coruña

O Coordinador da UE Eidus Coruña fai mención á totalidade da estratexia Eidus Coruña e as súas liñas de actuación, tanto as que forman parte do plan de implementación, cofinanciadas polo FEDER (Pdl), como as que non forman parte do este plan de implementación que son financiadas polo Concello e outras fontes (non Pdl). Refírese ademais ás operacións vinculadas, aquelas que non estaban inicialmente previstas na Eidus Coruña pero cuxa execución se enmarca nesta estratexia xa que actúan en ámbitos cruce da mesma. Evidénciase que a Eidus Coruña supón un investimento na cidade, a día de hoxe, de 96.617.183,34 €.

A continuación o Coordinador da UE Eidus Coruña percorre as operacións non Pdl e vinculadas e os orzamentos de execución de cada unha, destacando a modo de exemplo algunha delas.

Antes de ceder a palabra aos coordinadores dos OT para presentar o estado de execución das liñas de actuación e operacións Pdl, o Coordinador da UE Eidus Coruña presenta un resumo actual do orzamento licitado, adxudicado, executado e pendente por Obxectivo Temático.

Os coordinadores dos obxectivos temáticos, interveñen pola seguinte orde:

En primeiro lugar, interveñen Juan Arredondo de la Fuente, como asistencia técnica da Unidade de Execución da Eidus Coruña, a solicitude do Coordinador do **OT 2, *Ámbito TIC, Promoción de Tics en Estratexias de Desenvolvemento Urbano Integrado a través de actuacións en Administración electrónica local e Smart Cities.*** Explica o estado de execución das operacións contidas neste OT. Son un total de 7 operacións:

Operación 9.1. Portal web da mobilidade urbana. Está a elaborarse a documentación preparatoria para a licitación.

Operación 9.2. Mellora do sistema de información do cartón Millennium e virtualización da mesma para o seu uso en dispositivos móbiles. En execución.

Operación 9.3. Implantación de ferramentas TIC para a mobilidade urbana asistida. Está en proceso validación da aprobación por parte do OIG.

Operación 10.1. Plataforma WEB - Ferramenta Integral de Información Turística e de Mobilidade Online – Smart Destination (aplicación SmartCity). En licitación.

Operación 20.1. Monitorización enerxética mediante o TIC dos barrios da cidade. Non iniciada.

Operación 21.1. Goberno aberto e servizos públicos electrónicos. Non iniciada.

Operación 21.2. Sistema de información de calidade ambiental. En execución.

En segundo lugar, interveñen Elvira Quinteiros Lorenzo, Coordinadora do **OT 4, *Ámbito Sustentabilidade, fomento da mobilidade urbana sostible, mellora da eficiencia enerxética e aumento das enerxías renovables en áreas urbanas.*** Explica o estado de execución das operacións contidas neste OT. Son un total de 6 liñas de actuación e 7 operacións, algunha das cales conta con varias actuacións:

Operación 11. Promoción da mobilidade a pé, a través de solucións de accesibilidade e diversificación dos medios de mobilidade e permeabilidade transversal en vías da cidade así como dotación de percorridos peonís:

- Obras de mellora urbana do tramo final da rúa Ramón Cabanillas. Actuación finalizada.
- Obras de reurbanización da rua Vitoria Fernández España. Actuación finalizada.
- Obras de acceso peonil a Pocomaco. Adxudicadas. Obras pendentes de inicio á espera da autorización de ADIF.
- Intervencións de melloras no espazo público, retirada de barreiras arquitectónicas e mellora de firmes no ámbito PEPRI:
 - o Rúa A nosa Señora do Rosario: obras están finalizadas. Acta de recepción: 23/06/2021.
 - o Rúa Cortaduría: acábese de aprobar o proxecto técnico. Prazo de execución: 4 meses.

Operación 13. Fomento e ampliación de camiños escolares intergeneracionais: implementación de actuacións urbanísticas para mellorar a accesibilidade de nenos, maiores e demais persoas de mobilidade reducida. Finaliza o 9 de xullo.

Operación 14.1 Subministración e instalación de lectores, módulos, estacións e bicicletas. Adxudicada. Incrementouse a financiación Eidus con financiamento de orzamentos participativos.

Operación 14.3. Carrís bici:

- Carril bici Mariscal Pardo de Ceta. Obra finalizada. Recibida o 23 de abril de 2020.
- Carril bici entre a Glorieta Elviña e Avenida Pablo Picasso. Sen licitar.

Operación 15.1. Instalación de marquesiña piloto con zona de descanso, protección contra a auga, cobertura wifi, cargadores de móbiles, etc. Elaboráronse os pregos e están xa enviados a contratación e a piques de publicarse a licitación.

Operación 17.1 Mellora da Eficiencia Enerxética da Iluminación na Cidade da Coruña. Aprobarase a licitación na Xunta de Goberno Local do 30/06/2021.

Operación 18.1 Obras de mellora enerxética nos Centros Cívicos Municipais.

- Centro Cívico Elviña. En fase de preparación da licitación. Licitarase en breve.
- Centro Cívico de Labañou. Licitarase con posterioridade á licitación do proxecto de Elviña, a pesar de que o orzamento do proxecto excede o orzamento dispoñible na operación, tendo en conta que no marco da mesma executaranse tamén as obras do Centro Cívico Elviña.

En terceiro lugar, intervén Jesús Fernández Díez, Coordinador do **OT 6, *Ámbito Medio Ambiente, promoción da protección, fomento e desenvolvemento do patrimonio cultural e natural das áreas urbanas e accións de revitalización das cidades, mellora da contorna urbana e o seu medio ambiente.*** Explica o estado de execución dos proxectos contidos neste OT. Son un total de 5 liñas de actuación e 6 operacións, algunha das cales conta con varias actuacións:

Operación 2.1. Memoria do bordo litoral e fluvial: recuperación de enclaves de costa, fontes, lavadoiros e cursos fluviais do municipio:

- Proxecto de musealización da Cúpula de San Pedro. Sen iniciar. Con carácter previo realizánsense accións de mellora na propia cúpula.
- Observatorio de aves na contorna das illas de San Pedro no Portiño. Finalizada.
- Sinalización do tramo da Senda Atlántica que transcorre polo Espazo Natural de Interese Local Illas de San Pedro e Torre de Hércules. Finalizada.
- Mellora de acceso a praias: Praia de Riazor, San Amaro, Oza e As Lapas. En execución. Actuouse en Oza, San Amaro e Riazor creando ramplas e dotando ás praias de equipamentos que permitan o seu uso e goce en condicións óptimas para persoas con discapacidade.

Operación 3.1. Restauración paisaxística, ambiental e patrimonial de lugares de interese turístico, cultural e ambiental dos barrios da cidade.

- Posta en valor do patrimonio cultural e natural do Cemiterio de San Amaro: Obras de acondicionamentos varios e conservación e mantemento no terceiro departamento do cemiterio. En execución.

Operación 4.1 Creación e posta en marcha de hortos urbanos polos distritos da cidade. En licitación.

Operación 5.1. Mellora ambiental e urbana no Parque Empresarial da Grela. Pendente de execución.

Operación 1.1. Mellora dos xardíns históricos.

- Obras de mellora nos xardíns históricos de San Carlos. Á luz das noticias que saíron en prensa nos últimos días en relación á denuncia das obras a executar nos xardíns históricos, o coordinador de OT transmite que hai tranquilidade en relación á esta denuncia posto que o proxecto foi redactado por un experto en paisaxismo da Escola de Enxeñeiros Agrónomos e obtivo o visto e prace da Xunta de Galicia quen propuxo unha serie de modificacións menores que xa se incorporaron ao proxecto e agora están pendentes da súa aprobación.

En cuarto lugar, intervén Emilio Lesta Casal, Coordinador do **OT 9, Ámbito integración, rexeneración física, económica e social da contorna urbana en áreas urbanas desfavorecidas a través de Estratexias Urbanas integradas**. Explica o estado de execución dos proxectos contidos neste OT. Son un total de 7 liñas de actuación e 7 operacións, algunha das cales conta con varias actuacións:

Operación 22.1. Servizo para a empregabilidade 2.0: Información e servizos de itinerarios integrais para emprego e servizos de formación para capacitación dixital e emprego 2.0. Reforma centro cívico Birloque e creación aula TIC. Non está licitado aínda.

Operación 26.1. Equipamento e Xestión de Espazos para Feiras e Venda Ambulante. Acábase de enviar o prego a contratación. En breve sairá a licitación.

Operación 27.1-2 Remodelación interior e da funcionalidade de mercados municipais e actuacións nos espazos públicos lindeiros dos mercados municipais dos barrios da cidade:

- Remodelación interior e da funcionalidade de mercados municipais (Durmideiras). En execución.
- Actuación no espazo público lindeiro a Mercados Municipais (San Agustín). En licitación.

Operación 30.1. Implementación de medidas de inclusión social e laboral e de apoio á empregabilidade para poboación e ámbitos territoriais en situación de risco ou en exclusión social. Rehabilitación e posta en funcionamento do Centro García Sabell. Asinado o contrato e en breve iniciaranse as obras.

Operación 31.1. Creación dun centro de acollida de baixa esixencia. Asinado convenio con Padre Rubinos. O proxecto está en elaboración.

Operación 32.1. Creación do observatorio municipal de igualdade e diversidade. O prego está a piques de enviarse a contratación. Licitarase en breve.

Operación 33.1. Recuperación e xestión do parque público de locais en desuso para a súa posta á disposición de mozas e colectivos informais:

- Obras de reforma do pavillón situado na Praza José Toubes Pego. En execución. A finalización das obras está prevista para outubro.

3. Presentación da Axenda Urbana da Coruña.

Santiago Roura Gómez, Coordinador Xeneral Municipal e Director da Unidade de Xestión da Estratexia EidusCoruña presenta o marco estratéxico das axendas urbanas locais e posteriormente fai referencia á metodoloxía a seguir para a elaboración da Axenda Urbana da Coruña, similar á da Axenda Urbana Española. Refírese ao dobre obxectivo da Axenda Urbana da Coruña, o desenvolvemento integrado e sostible da Coruña e a súa integración nun modelo territorial metropolitano, integrado, xusto e sostible.

O Concello da Coruña asinou en decembro de 2020 un protocolo co Ministerio segundo o cal A Coruña será un territorio de referencia ao achegar a súa visión acerca de como se elabora un proxecto estratéxico de axenda urbana.

Se adxunta á acta a presentación utilizada

4.- Rogos e preguntas.

Nesta quenda, interveñen os seguintes asistentes:

- María Luisa Varela, en representación da Federación das Asociacións de Veciños, comenta en primeiro lugar que agradecería que en relación á Axenda Urbana Coruña (AUC) remítaselle toda a documentación para presentar á Xunta Directiva. Espera que en relación á AUC pódaselles escoitar e pódanse achegar ideas. En segundo lugar, en relación á APP do cartón Millenium, comenta que ela tena en fase de proba desde 2019 e funciona moito mellor que o cartón físico, polo que espera que pronto estea a APP en pleno funcionamento. En terceiro lugar, en relación aos carrís bici, os que xa estaban de antes non están ben, polo que pregunta si habería algunha opción de poñelos ao nivel dos que se están executando agora. En cuarto lugar, en relación ao cemiterio de San Amaro, mostra a súa preocupación por un atraco recente a unha persoa, polo que cre que se debería poñer seguridade. Aplauda a intervención da Eidus Coruña no cemiterio porque é unha xoia dela cidade. En quinto lugar, considera que é inviable facer accesible a praia de Matadoiro, polo que celebra non escoitar hoxe que se vai a realizar esta intervención. Por último, en relación ao Centro Birloque, gustaríalle saber cando se empezarán a executar as obras porque lles repercute xa que teñen que ver onde trasladaranse.
- Ana Sanclaudio en representación da Federación de ANPA's da Coruña. En relación á operación de camiños escolares, considera que habería que facela extensible aos institutos da cidade xa que nalgúns casos, por exemplo, na contorna do IES Monelos, fórmanse moitos atascos ao levar ao alumnado. Suxire que se podería abrir unha porta para que as persoas escolares puidesen acceder polo parque. Isto evitaría que os pais acudisen cos coches ao centro.

- En primeiro lugar, responde Juan Manuel Diaz Villoslada, Coordinador da Unidade de Execución da Estratexia EidusCoruña. Sobre a AUC, indica que aínda está en fase inicial, que se lles enviará a presentación utilizada e que na páxina web atoparán dispoñible toda a información que hai ata a data. O proceso de participación e a AUC irase abrindo, pero toda a información que as asociacións queiran ir facendo chegar, poden facelo. Sobre a APP Millenium, indica que hai unhas 500 persoas probándoa na cidade e que a semana próxima haberá reunión de peche con todo o equipo do proxecto para que a app estea terminada e poida saír en aberto. En relación aos carrís bici, apunta que se está traballando nun plan de seguridade dos puntos críticos dos carrís que había para mellorar a seguridade. Por ex. En Ramón e Cajal.
- En segundo lugar responde Eudoxia Maria Neira Fernandez, Presidenta do GAU, que en relación a apúntaos que o proxecto do centro Birloque irá á Xunta de Goberno local do día seguinte, 30/06/2021 e que a obra podería empezar a principios de 2022.

En relación aos camiños escolares, indícase que está a traballar a nivel de centros de infantil e primaria, pero toman nota do que comenta a representante da Federación de ANPA's da Coruña para o IES de Monelos, aínda que destacan que teñen que coordinarse coa Xunta.

Sendo as 18:50 horas, a Presidenta levanta a sesión, do que eu, secretaria, dou fe, coa redacción desta acta en que será presentada para a súa aprobación, no seu caso, na seguinte reunión do Grupo de Acción Urbana (GAU).

M^a Carmen Pita Seijas

Secretaria accidental do Grupo de Acción Urbana

Directora de Igualdade, Benestar Social e Participación